

Crítica sobre Lusocuria de Ana Belén Martínez

Lusocuria. De lencerías e cadernos.

Ela ten á súa beira unhas pezas de *lingerie*, que aínda non puxo ou que xa tirou? Terma dun caderno coa man esquerda, utilízao para facer a lista da compra, para apuntar o día que lle vén a regra –*cada ciclo hormonal é uma vida*– e mais para escribir poemas. Ela está desenfocada. É pudor? Non, é inseguridade. Como esquecer tantos homes lilas e as visións que leva na retina? E agora a ausencia, a espera atrás da porta neste mundo de metal frío. *Teño moito frío, moito frío, mamá... Colle a chaqueta, miña nena...* Sabe que na escena deste teatro aínda existen mulleres pecadoras, expulsadas dun paraíso inventado por homes, por iso repite esa palabra: *fodemos?* No seu cuadrilátero íntimo ten outro significado, máis parecido ao do cursi facer o amor. Vencida ás veces como o está unha porta á que lle dan unha patada, vencedora outras, vai trampeando a vida, *negócio muito perigoso*. Ás veces deitada fronte ao mar hipnotizador da Frouxeira, outras nun sofá insomne no medio da noite, se callar practicando a arte descoñecida da masturbación feminina.

Ela deféndese, deféndese como a gata panza arriba nun solpor de gatos, desexosa non só dun contra-sexo, desexosa de ser feliz/de seren felices dunha puta vez.